




# DE BOUZAS AO CABO ESTAI (VIGO)

Adela Leiro, Mon Daporta  
febreiro 2019



**Distancia:** 10 km (lineal)

**Dificultade:** baixa

Unha longa camiñada para achegarse, percorrer e coñecer os principais areas de Vigo que en realidade son case un continuo que só separan pequenas puntas que lle serven de límite e de protección. Convén escoller unha data e unha hora na que a marea permita camiñar por eles e gozar de toda a súa amplitude. O mellor é comezala cando a marea está devalando para ter tempo de completar o percorrido con marea baixa porque hai varias praias nas que os peches das parcelas están enriba da area e coa marea alta, maiormente se ten algo de forza ou é marea viva, non se pode pasar por elas.

## PERCORRIDO

Comezamos en Bouzas, na **praia do Adro**, para camiñar polo paseo ao longo da súa beira, pasar á **praia da Fontoura**, cruzar por dentro a **punta do Funchal** e volver á area, agora na **praia do Carril**, e pasar pola **punta das Cruces** á **praia de Santa Baia**. Da praia de Santa Baia non se pode seguir pola beira, temos que coller o camiño e a uns poucos metros baixar, polo aparcamento, á **praia do Cocho** da que hai que volver ao camiño para, pasadas as instalacións do **Museo do Mar**, coller o primeiro desvío á dereita para baixar á **praia da Mourisca**. Desde a praia da Mourisca, rodeando a punta pola pasarela ou polo camiño de dentro, pasamos á **praia de Fontes** e despois, polo camiño, por enriba da **praia do Tombo do Gato**, baixamos logo á da **Espedrigada** e a **das Dunas** ou o **Cocho das Dornas**, que se acollen entre as pedras da **punta de Samil**, para, ao superalas, atoparnos de fronte cos máis de 1.500 m da **praia de Samil** que na zona na que entramos, ata **As Queimadas**, as pedras que hai no mar, tamén se coñece como **praia da Argazada**. Despois de percorrer Samil podemos vadear o **río Lagares** ou desviarnos á estrada, ou pasar polo estreito resalte do valado de contención do campo de fútbol, para pasar pola ponte e despois de cruzala coller o desvío á dereita, que pasa polos baixos do edificio, para volver á area de novo na **praia da Foz**. Da praia da Foz pasamos á da **Calzoa** ou **das Barcas** e logo podemos continuar pola area e as pedras, se a marea o permite, ou podemos subir ao paseo acondicionado que hai por arriba para baixar logo á **praia de Fuchiños** e pasar dela á **praia de Fontaiña** e á do **Baluarte** para chegar á **praia do Vao**, outros 500 m de area que teñen no final a ponte de acceso á **illa de Toralla**. Despois de cruzar a estrada de acceso a Toralla entramos na **praia do Serral** e logo na de **Canido**. Cruzando a praia de Canido achegámonos ao **porto**, na **punta dos Pinos**, e pasando por diante do Clube Marítimo saímos a un carreiro polo que accedemos á **praia do Xunqueiro**. No remate da praia do Xunqueiro temos a **punta Marosa** e un pouco antes de chegar a ela unha saída da praia que collemos para camiñar polo resalte do valo ata un carreiro que cruza a punta Marosa e sae á **praia da Sobreira**. Da praia da Sobreira pasamos á **punta Sobreira** e rodeámola para chegar á **praia da Buraca** e desde ela polo carreiro que beira o cantil seguimos ata o **cabo Estai** onde completamos o percorrido.



Praia do Adro



Enseada de Bouzas.



Praia da Fontoura



Enseada de Bouzas e punta Fiunchal.



Punta Fiunchal e praia do Carril



Praia do Carril



Punta da Cruces.



Praia de Santa Baia.



Praia do Cocho.



Punta do Muíño. Museo do Mar de Galiza, un centro cultural e científico dedicado ao mar, inaugurado en xuño do 2002. No recinto acolle os restos do castro de Alcobre.



Praia da Mourisca.



Praia de Fontes



Praia do Pincho do Gato



Praia Espedrigada



Praia do Cocho das Dornas



Cabo do Mar ou punta de Samil



Praia Azul ou Argazada



As Queimadas



Praia de Samil, un areal de 1.700 m de lonxitude. A súa proximidade ao centro de Vigo convértea na máis concurrida e mellor dotada de servizos. No inverno é un bo lugar paseo.



Desembocadura do río Lagares.

O Río Lagares nace nos montes no Coto Ferreira e desemboca na Ría de Vigo, entre as praias de Samil e A Foz. Na parte baixa do curso existe un sendeiro que se pode percorrer a pé ou en bicicleta.



Praias da Calzoa ou As Barcas



Praia da Foz



Praia de Fuchiños ou Feciña




Praia da Fontaíña ou da Sereiña



Praia Baluarte ou Breadouro. Punta Elena.



Praia do Vao



Praia e rochas do Serral.



-Illa e praia de Toralla



Praia de Canido ou Canto de Area



Punta dos Pinos. Porto de Canido.



Praias de Xunqueiro, Barxa de Oia, Cagadeira e Soutelo



Punta Marosa ou do Tendal



Praia e punta da Sobreira



Punta da Sobreira



Praia da Buraca e punta Serral ou Suadecostas



Cabo Estai. A Laxe.



Cabo Estai e praia da Furna